




blog.Educalab.es

PLAN DE CONVIVENCIA



ÍNDICE:

1 MARCO LEGAL.


2 DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN:

- 2.1 Características do centro e da súa contorna.
- 2.2 Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.
- 2.3 Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte de:
 - 2.3.1 Profesorado
 - 2.3.2 Alumnado
 - 2.3.3 Familias
 - 2.3.4 Persoal de administración e servizos
 - 2.3.5 Institucións e entidades da contorna
- 2.4 Conflitividade detectada no centro: tipo e porcentaxe de conflitos por sectores.
- 2.5 Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.

3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.

4 ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS DESTINADOS A FAVORECER A CONVIVENCIA:

- 4.1 Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación:
 - 4.1.1 Organización do centro e da aula
 - 4.1.2 Coordinación das actuacións docentes
 - 4.1.3 Programación e desenvolvemento do currículo
 - 4.1.4 Estratexias metodolóxicas
 - 4.1.5 Avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente
 - 4.1.6 Actividades complementarias e extraescolares
- 4.2 Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa.
- 4.3 Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia:
 - 4.3.1 Difusión de normas
 - 4.3.2 Accións de sensibilización
 - 4.3.3 Protocolos de detección temperá
- 4.4 Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar:
 - 4.4.1 Campañas de sensibilización
 - 4.4.2 Canles que lles faciliten ás vítimas a exteriorización da situación de acoso
 - 4.4.3 Medidas de actuación en caso de detección de situacións de acoso
- 4.5 Medidas ou programas específicos para promover a convivencia no centro, que fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura de paz.



5 CONCRECIÓN, EN CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS, DAS PERSOAS OU DOS ÓRGANOS RESPONSABLES, DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DOS PROCEDEMENTOS QUE SE VAN SEGUIR PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN.

6 NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO:

- 6.1 Dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa.
- 6.2 Protocolo que contribúa á detección do incumprimento das normas.
- 6.3 Condutas contrarias á convivencia, medidas correctoras e responsables das actuacións.

7 NORMAS ESPECÍFICAS SOBRE A COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO:

- 7.1 Funcionamento.
- 7.2 Composición.
- 7.3 Periodicidade das reunións.
- 7.4 Plan de actuación.

8 AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA.

9 AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.

10 ESCOLA DE NAIS E PAIS.

11 MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN:


- 11.1 Dentro do centro.
- 11.2 Coas familias.
- 11.3 Con outros centros educativos.
- 11.4 Con organismos da contorna.

12 DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

13 PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

14 APROBACIÓN E REVISIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

15 ANEXO I: PROCEDIMENTO CORRECTOR DAS CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.



1. MARCO LEGAL.

- *DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*
- *LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*

2. DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN:

2.1 Características do centro e da súa contorna.

Polas súas características xeográficas e sociais, o IES de Catabois pode incluírse na categoría de centro de carácter periférico mixto, é dicir, está situado ás aforas da cidade, próximo á zona rural circundante. O alumnado procede, unha parte, da zona dos ensanches da cidade; outra das parroquias rurais do municipio; e, por outra parte, dos barrios periféricos. A actual rede de centros contribúe en gran medida á redución e modificación das características do alumnado.

O IES de Catabois presenta as seguintes características socioeconómicas e culturais:

1. O centro responde a unha contorna socioeconómica e cultural fundamentalmente medio-baixa, onde predominan familias con estudos primarios e pertencentes ao medio semi-rural. A meirande parte do alumnado procede dun ámbito xeográfico moi amplo: San Xoán, Cobas, Mandiá, Catabois, Pazos, Serantes, Santa Mariña, vivendas de San Pablo e os ensanches. Isto significa que os máis deles veñen no transporte público.
2. Atendendo á profesión dos pais, predominan os dedicados a profesións do ámbito manual-asalariado, abundan menos os funcionarios e só unha pequena cantidade de profesións liberais. Grande cantidade de pais e nais, no paro.
3. Polo que atinxe ao alumnado, a maioría recibe das familias o apoio e os medios para a súa formación e estudos, aínda que hai unha porcentaxe moi elevada onde apenas existe a implicación familiar e temos varios casos con condicións moi precarias de vivenda e familias con escasos medios económicos, incluso para mercar o material escolar.
4. Aínda que hai unha parte do alumnado que vive no medio rural, a lingua máis empregada é o castelán.



5. Temos un importante número de alumnado de etnia xitana, debido ao feito de existiren tres asentamentos xitanos, un moi próximo ao centro (San Pedro) e outros a media distancia (San Mateo e Pazos), e cada vez vanse incorporando ao centro máis alumnado estranxeiro.
6. A zona carece de infraestruturas culturais e deportivas.
7. Polo que respecta ao equipamento sanitario, ten a vantaxe de contar na súa contorna coa residencia do SERGAS, importante en casos de urxencias médicas.

2.2. Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.


Alumnado: O IES de Catabois conta nos últimos anos cun número de alumnado de aproximadamente 150 alumnos/as. A práctica totalidade deles residen no Concello de Ferrol, pero proceden da área periférica do municipio, así como de varias parroquias do rural. Comparten, como xa indicamos, características de zona urbana e periurbana.

Debemos sinalar a existencia tamén de alumnado doutras nacionalidades, fundamentalmente de orixe hispanoamericana e marroquís.

No centro convive alumnado pertencente á ESO, Bacharelato e aos Programas Formativos Básicos PFB (modalidades de Almacén e Comercio). Cabe mencionar tamén a existencia de dous grupos de atención específica á diversidade: 3º e 4º ESO PDC. Falamos, pois, de 8 unidades, que polas súas características especiais abranguen alumnado moi heteroxéneo e de intereses académicos e persoais moi diversos.

Non se pode obviar a importante porcentaxe de alumnado xitano que asiste ao noso centro. Centrándonos na ESO e Bacharelato, o 15% dos rapaces e rapazas aquí matriculados pertencen a esa etnia. Ese dato é máis relevante aínda se se ten en conta que se concentra case exclusivamente nos dous primeiros cursos da ESO, o que supón arredor dun 34% do total.

No tocante á organización de espazos e actividades, os problemas de convivencia vense paliados grazas ao rateo baixo de alumnado por aula, á atención personalizada, ao uso de técnicas de aprendizaxe cooperativa e a unha aposta forte pola implantación de proxectos que impliquen e motiven o alumnado: programas específicos de atención ao alumnado NEAE (apoios, docencia compartida, desdobramentos, PDC), aprendizaxe de idiomas (E-twinning, Erasmus+, Intercambios), desenvolvemento de proxectos de tratamento



transversal (Plans Proxecta, Contratos-programa), selección de actividades que complementen a súa formación (proxectos anuais).

Contrasta a situación real da convivencia no instituto coa percepción que se ten do mesmo desde fóra, probablemente por descoñecemento vivencial da situación no centro.


Profesorado: O centro conta actualmente cun claustro en que a maioría do profesorado goza de destino definitivo no centro, aínda que algúns participan nos sucesivos concursos de traslados, ben por achegárense aos seus domicilios, ben por temor a que a súa praza desapareza. A maioría do profesorado ten o seu domicilio habitual no propio concello ou na comarca, polo que coñecen ben a idiosincrasia da zona.

Persoal non docente: O persoal non docente está formado por catro membros: dúas persoas para a limpeza, un bedel e un administrativo. Todos eles teñen destino definitivo do centro, agás a bedel (en situación de interinidade).

Espazos e instalacións: O instituto está dividido en tres edificios: o das aulas, o edificio de administración e o ximnasio. Esta división provoca certo afastamento entre a comunidade de alumnado e persoal de servizos e o equipo directivo e o persoal administrativo. Por outra banda, é un edificio moi amplo, con moitos corredores e un amplo patio exterior con zona axardinada; isto incrementa a dificultade de control sobre o alumnado, principalmente, nos tempos de lecer.

Organización dos tempos de lecer: Dentro do horario lectivo contéplanse dous recreos: os luns, mércores e venres o primeiro de vinte minutos e o segundo de vinte e cinco e os martes e xoves o primeiro de 15 minutos e o segundo de vinte. Inténtase que o alumnado teña xogos de mesa, xogos inclusivos, actividades deportivas e de ocio diversas nas que ocupar estes tempos de lecer.

A biblioteca escolar: Supón un eixo vertebrador importante tanto polos proxectos interdisciplinares que promove como polos sectores da comunidade educativa que abrangue e que van da interacción entre profesorado e alumnado nos concursos, clubs de lectura, celebracións... etc, á interrelación coas familias e a contorna polo servizo de préstamos, a través do club de lectura de adultos, e polas xornadas de portas abertas na celebración do Día do libro.



2.3. Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte de:

1. Profesorado

O feito de contar con bastante profesorado destinado de xeito definitivo no centro, a implicación e experiencia do mesmo e a súa boa disposición para a colaboración, axudan a paliar os posibles problemas de convivencia tanto entre os propios profesores como co resto da comunidade educativa, se ben moitas veces se ven superados/as polas grandes necesidades de apoio educativo do noso alumnado e polas circunstancias socioeconómicas e familiares que rodean a este.


Entre o profesorado preséntanse, evidentemente, situacións que evidencian a diversidade de pareceres ou de modelos de actuación, pero, en xeral, resólvense axeitadamente pola vía do diálogo e do respecto mutuo.

Desenvólvense varios proxectos conxuntos que veñen funcionando ben durante os últimos anos: actividades relacionadas coa Biblioteca, co Equipo de Dinamización da Lingua, co Erasmus+ e cos Plans Proxecta. Porén, é unha demanda bastante común, por parte de membros deste colectivo, a necesidade de seguir traballando por acadar unha maior coordinación na toma de decisións tanto pedagóxicas coma organizativas.

A relación do profesorado co alumnado é moi próxima. Conta de xeito favorable a distribución de grupos segundo un rateo pouco elevada que permite esa proximidade e favorece a apertura de vías de comunicación entre unha e outra parte, moi necesarias tendo en conta a contorna familiar e socioeconómica que rodea o noso alumnado.

Respecto da súa relación coas familias, destaca a cordialidade e a boa disposición para atender as súas demandas, pero tamén a firmeza e insistencia en demandar para o alumnado unha maior implicación por parte dos responsables legais en canto ao control de asistencia, de hábitos de hixiene e estudo, de axuda aos/ás rapaces/as e, fundamentalmente, de complicidade coas decisións adoptadas polo equipo docente de cada un deles.

Da análise dos últimos cuestionarios de convivencia (novembro 2015), obtemos que, en xeral, coñecen ben os documentos ou actuacións, referidos á convivencia, que existen no centro. Consideran que a convivencia mellorou lixeiramente nos últimos anos, aínda que hai unha porcentaxe bastante alta que non se manifesta. Cren que a súa formación sobre o tema é boa e que coñecen os



problemas de convivencia entre o alumnado. Ven prioritario abordar a convivencia dende a prevención, aplicar rigorosa e sistematicamente as normas de convivencia e difundir entre a comunidade educativa todas as actuacións que en materia de convivencia se desenvolven no centro.

A organización e uso dos espazos do centro está regulada nas NOFC do centro e normalmente respéctase o que está establecido. As instalacións e os materiais normalmente cóidanse bastante.

A resposta en canto á resolución de conflitos de convivencia contrasta lixeiramente coa opinión do alumnado, pois fronte ás medidas punitivas que destaca este colectivo, o profesorado manifesta recorrer habitualmente aos consellos e ao diálogo como medio de solución, aínda que tamén ás sancións.

Opinan que as familias se dividen de xeito máis ou menos igualitario entre as que non amosan interese polos estudos dos seus fillos e as que si o amosan, pero que non fan un seguimento continuado. Non ven hostilidade cara ao profesorado, aínda que si certa desconfianza en ocasións por parte das familias.

Para eles os factores que máis repercuten nas condutas negativas do alumnado son o contexto social, os problemas familiares e o aumento da tolerancia na sociedade.

2. Alumnado:


Se atendemos aos resultados dos últimos cuestionarios sobre convivencia escolar, como respostas maioritarias o alumnado manifesta ter bos amigos na clase e no centro, o que ofrece unha idea de escasa conflitividade, ou, cando menos, da case inexistencia de faltas graves.

A maior parte dos problemas vén dada polas características tan diferentes que presenta o noso alumnado: diversas etnias, procedencia de varios países, familias moi diferentes, contorna socioeconómica dispar, capacidades académicas moi diverxentes...

3. Familias:

Constátase a heteroxeneidade observada no alumnado: hai familias moi preocupadas polo desenvolvemento académico e persoal dos/das fillos/as e outras que amosan un desinterese bastante preocupante, o que dificulta gravemente a corrección de certos comportamentos contrarios ás normas de convivencia e repercute negativamente na vida diaria do centro.

A interpretación que lles debemos dar aos resultados dos cuestionarios das



familias debe ter en conta que foron cubertos probablemente por esas familias que si amosan interese. A participación activa destas familias que responden ao cuestionario é boa e mostran boa comunicación co profesorado e co centro. Coñecen practicamente todo o profesorado. Normalmente apoian as decisións do profesorado titor e, ante os problemas, reaccionan falando cos/coas fillos/as e pedindo información ao/á titor/a.

Nunha elevada porcentaxe amosan a súa satisfacción co centro.

4. Persoal de administración e servizos


Teñen entre si moi boa sintonía e fan o seu traballo de xeito tanto individual como colaborativo, segundo cumpra, procurando facilitar entre eles e a toda a comunidade educativa o desenvolvemento das tarefas.

Comparten, na maioría dos casos, horario con profesorado e alumnado e mesmo se implican en actividades conxuntas que se desenvolven no centro.

5. Institucións e entidades da contorna:

Hai xa uns anos que se vén buscando a relación estreita con entidades e institucións da contorna, principalmente no ámbito social e deportivo, para facilitarlles aos rapaces o seu desenvolvemento integral fóra da escola.

Regularmente colabórase con Fundación Secretariado Gitano, Acción Familiar. ASPANEPS...



2.4. Conflitividade detectada no centro: tipo e porcentaxe de conflitos por sectores

- **Entre profesorado:** téñense observado, de xeito moi puntual, manifestacións de diverxencia de opinións con respecto a algún tema concreto, pero o máis habitual é atopar un consenso xeneralizado na maioría das cuestións que afectan aos ámbitos de organización e xestión.
- **Entre profesorado e alumnado:** o conflito máis habitual (coinciden os resultados das enquisas de ambos colectivos) é o derivado das condutas disruptivas dentro das aulas (interromper as explicacións do docente, intervencións pouco axeitadas...) ou de comportamentos inapropiados fóra das aulas (permanencia nos corredores en horario lectivo, ruído excesivo nos tempos de lecer, rexeitamento a acatar algunha indicación ou norma ...)
- **Entre o profesorado e as familias:** pode xurdir algunha desavinza por cuestións relacionadas coa xustificación axeitada das faltas de asistencia, cos prazos de entrega ou co tipo de tarefas esixidos ao alumnado, que en xeral se resolven pola vía do diálogo, xa sexa co profesorado titor ou directamente co docente implicado. O profesorado bota en falta unha maior implicación das familias, tanto no tocante á parte curricular como ao apoio a medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia.

Á luz dos resultados das enquisas, divídense entre os que teñen como única expectativa que os seus fillos acaden o título de graduado en ESO e os que esperan que rematen unha carreira universitaria. Non coñecen demasiado os documentos do centro referidos á convivencia. Consideran que a convivencia mellorou lixeiramente ou moito nos últimos anos e que os conflitos se dan de xeito puntual. Tamén coinciden cos outros sectores en que, normalmente, se coidan os materiais e as instalacións.

Non ven graves problemas de acoso, aínda que si sinalan algunhas agresións recibidas polos seus fillos como insultos, alcumes, rumores ...

- **Entre o alumnado e o persoal de servizos:** non son realmente problemas directos pois normalmente o persoal de servizos non se dirixe directamente ao alumnado, senón que busca a mediación do equipo directivo. Porén, hai determinadas actuacións do alumnado (voluntarias ou involuntarias) que entorpecen ou incrementan o traballo doutros profesionais: goma de mascar



pegada no mobiliario, pintadas, papeis ou desperdicios que se deixan tirados polo chan, falta de coidado no uso das instalacións ... Isto prodúcese, principalmente, nos primeiros cursos da ESO.

- **Entre o alumnado:** Sen ser un centro altamente conflictivo, o principal xermolo de problemas de convivencia atópase entre este colectivo, pois, como xa temos sinalado, é un alumnado bastante heteroxéneo. Segundo eles, o centro está bastante coidado, aínda que se fan pintadas ou se tira lixo ao chan. Non se axudan moito entre si, traballan pouco en grupo e observan como condutas negativas máis repetidas:

- interromper as clases
- poñer alcumes ou rir doutra persoa
- chegar tarde á clase
- faltar á clase sen causa xustificada ou
- dicir mentiras ou rumores sobre alguén

Medran nos últimos cursos os conflitos relacionados co uso das novas tecnoloxías. Tense dado algún caso de desaparición de obxectos (bolígrafos, libros...) sen chegar a ser roubos de grande relevancia.

Os espazos de maior conflictividade son as entradas e saídas, os intercambios de clase e os recreos.


Un 25% manifesta ter sufrido algunha conduta negativa (acoso, agresión, ofensa...) que maioritariamente solucionan pedindo axuda á familia ou calando. Normalmente sucede entre membros da mesma clase. Un 20% considérase agresor e as sancións impostas van desde a comparecencia ante o equipo directivo ata a perda de recreos ou a saída temporal da aula.

Non amosan ter problemas á hora de expresar a súa opinión directamente ao profesorado ou aos/ás titores/as.

Na súa opinión, os conflitos de convivencia resólvense con partes e sancións, chamando as familias ou mandando falar co equipo directivo.

2.5. **Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.**

No primeiro trimestre do curso 2007-08, seguindo as instrucións da Consellería de Educación e Ordenación sobre a constitución do Observatorio da Convivencia nos Centros Educativos e para a elaboración do Plan de Convivencia, fíxose unha avaliación da situación da convivencia no noso centro e creouse o Observatorio de




Convivencia do Centro. Partindo da análise dos resultados das enquisas, elaborouse un Plan de convivencia no curso 2008-2009.

As normas de organización e funcionamento do centro insertas nese plan permaneceron en vigor ata a modificación do mesmo no curso 2015-2016, seguindo as pautas marcadas polo Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG 27 de xaneiro). Principalmente, buscábase unha mellora da convivencia no centro que partise dun maior acordo na aplicación das medidas correctoras e da imparcialidade na imposición das mesmas pois a decisión era acordada entre Orientación, Dirección, Xefatura de estudos e titor/a.

Co tempo, observouse que esa decisión consensuada quedaba en ocasións relegada a un segundo plano, pola necesidade dunha maior inmediatez na aplicación das medidas. Progresivamente, fóronse revisando diversos apartados do plan no relativo a medidas correctoras, ata chegar á actual renovación do mesmo no curso 2023-2024.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.

1. Conseguir un clima agradable de estudo e de traballo no que se poida obter o máximo rendemento de cada membro da comunidade educativa.
2. Mellorar a convivencia entre o alumnado e a interrelación entre este e o resto da comunidade educativa.
3. Concienciar a todos os membros da comunidade educativa da necesidade de coñecer e respectar os dereitos e deberes de cada colectivo.
4. Promover e desenvolver actuacións encamiñadas ao fomento da convivencia.
5. Desenvolver adecuadamente as relacións entre todos os compoñentes da nosa comunidade educativa baseadas no respecto mutuo, a comprensión, a solidariedade e a interiorización das normas de convivencia.
6. Levar a cabo actuacións preventivas destinadas a mellorar o clima de convivencia no centro.
7. Actuar ante os conflitos actuais, sempre que sexa posible, de xeito proactivo, é dicir, como un medio positivo e construtivo para a prevención dun conflito futuro.
8. Reducir ao mínimo as condutas disruptivas que perturban o clima da clase para



evitar a conflitividade, analizando as súas causas como paso previo para resolver problemas na convivencia.

9. Favorecer a resolución pacífica e educativa dos conflitos que se presenten, mediante a negociación e cooperación do profesorado e o alumnado, implicando a todos/as no programa TEI (Titoría entre iguais).
10. Proceder ante os problemas de conduta seguindo uns protocolos de actuacións coherentes que guíen as intervencións de todos os docentes, evitando contradicións que desorienten aos discentes.
11. Utilizar as medidas punitivas como último recurso para solucionar os problemas de convivencia, só cando as estratexias motivacionais e educativas non tivesen resultado.
12. Implicar todos os sectores da comunidade educativa na mellora da convivencia: persoal docente e non docente, alumnado e familias.

4. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS DESTINADOS A FAVORECER A CONVIVENCIA:

4.1. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación:

4.1.1. Organización do centro e da aula

a) Avaliación continua das necesidades que xurdan no eido da convivencia, co obxecto de introducir as modificacións oportunas na organización do centro e das aulas (en relación cos horarios e os agrupamentos do alumnado).

Responsables.- Equipo directivo coa colaboración dos respectivos equipos docentes.

Temporización.- Ao longo de todo o curso.

b) Unificación de criterios de actuación en relación co control e vixilancia sobre o alumnado e a posta en marcha dos protocolos de actuación.

Responsables.- Todo o profesorado.


Temporización.- Ao longo de todo o curso.

c) Inclusión na programación xeral anual que se elabore de cando menos un obxectivo que poida incidir na mellora da convivencia.

Responsables.- Equipo directivo.

Temporización.- Período de tempo no que se elabora a Programación Xeral Anual.

d) Inclusión en todas as reunións de coordinación e avaliación que se realicen, dun punto obrigatorio de valoración e toma de acordos sobre convivencia.



Responsables.- Responsables dos órganos de coordinación docente.

Temporización.- Ao longo de todo o curso.

e) Uso do taboleiro de aula para difundir informacións e promover a colaboración entre o alumnado.

Responsables.- Profesorado titor e delegado/a de aula.

Temporización.- Ao longo de todo o curso.

f) Distribución dos espazos de lecer (pistas polideportivas, espazos cubertos, biblioteca, ...) de xeito que ao tempo que achegan entretemento sirvan para educar en convivencia.

Responsables.- Equipo directivo coa colaboración de todo o profesorado.

Temporización.- Ao longo de todo o curso.

g) Vixilancias de recreos e transporte escolar.

Ao comezo de cada curso escolar a X.E. elaborará un horario de vixilancias de recreos, transporte e comedor escolar.

Responsable.- Xefatura de estudos.

Temporización.- Comezo de curso.

4.1.2. **Coordinación das actuacións docentes**

a) Coordinar as actuacións docentes a través das reunións da CCP, do Claustro, da Comisión de convivencia e dos equipos docentes.

Responsables.- Responsables dos órganos de coordinación docente.

Temporización.- Ao longo de todo o curso.

b) Inclusión, en todas as reunións de coordinación e avaliación que se realicen, dun punto obrigatorio de valoración e toma de acordos sobre convivencia.

Responsables.- Responsables dos órganos de coordinación docente.

Temporización.- Ao longo de todo o curso.


4.1.3. **Programación e desenvolvemento do currículo**

a) A adecuación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe ás características do noso alumnado a través da organización flexible, da aprendizaxe cooperativa, dos apoios, dos reforzos educativos entre outras medidas, poden contribuír a un clima de convivencia axeitado.

Responsables.- Todo o profesorado.

Temporización.- Ao longo de todo o curso.

b) As medidas de atención á diversidade (MAD) recollidas no Plan Xeral de



Atención á Diversidade como elementos que contribúen á mellora da convivencia.

Responsables.- Departamento de orientación, profesorado de apoio e resto do profesorado.

Temporización.- Ao longo de todo o curso.

c) Aproximación curricular (contidos específicos que favorecen a convivencia).

Neste apartado trátase de delimitar de que xeito a convivencia pode ser introducida nos nosos programas curriculares. Basearémonos en catro áreas de traballo:

c-1 Educación en valores.- Partimos dun consenso sobre os valores que temos que impulsar dentro do noso centro. Aínda que bastante xenéricos consideramos os seguintes: a tolerancia, a solidariedade, a igualdade, a vida en democracia e moi sinaladamente os dereitos humanos que marcan o teito de respecto e convivencia da humanidade.

c-2 As habilidades sociais e a resolución de conflitos.- Entendemos as habilidades sociais como capacidades que favorecen a eficacia social e as relacións interpersoais. Propician un ambiente de clase máis positivo o que facilita a identificación e motivación do alumnado.

Aínda que estas habilidades se teñen aplicado individualmente, cando o alumnado tiña un comportamento inadecuado, pensamos que deberemos centrarnos no grupo clase, ademais de traballar co alumnado individualmente. Tamén consideramos que se poden traballar en todas as materias e sobre todo en titoría.


Priorizaremos as seguintes: escoita activa, empatía, asertividade, autocontrol-autorreflexión e resolución de problemas.

c-3 Metodoloxía cooperativa.- O traballo en equipo, o intercambio entre iguais e a cooperación atópanse na base de calquera enfoque educativo innovador.

No ámbito escolar, para que o alumnado interactúe construtivamente, non abonda con colocalo xunto e permitir que se relacione. Sabemos que se precisa a aplicación de técnicas, procedementos e estratexias que posibiliten o aumento das relacións interpersoais.

A aprendizaxe cooperativa é un enfoque da ensinanza baseado na influencia da interacción social. Esta aprendizaxe non se adquire espontaneamente nas interaccións sociais senón que require unha lenta aprendizaxe e unha organización que permita oportunidades para o seu desenvolvemento.

c-4 A titoría.- A titoría é o lugar máis apropiado onde desenvolver programas e



proxectos que se dirixan tanto á orientación académica como á adquisición de competencias sociais.

4.1.4. Estratexias metodolóxicas

A continuación aparecen sinaladas unha serie de medidas e principios para orientar as nosas decisións metodolóxicas sen que iso supoña que son as únicas ou de obrigada presenza.

a. A resolución de problemas funcionais.

A aprendizaxe mediante a “Resolución de problemas” parécenos máis axeitada. As opcións metodolóxicas que hai que abandonar son as que se basean unicamente na transmisión de coñecementos non aplicados. Deberemos centrarnos máis nunha aprendizaxe funcional situada en contextos concretos que fomente a motivación do noso alumnado. Esta forma de traballar levaranos a unha metodoloxía activa e participativa máis que só receptiva (“aprender facendo”).


Enfocar as tarefas en contextos reais, presenciais ou virtuais, próximos ao alumnado será a base para unha aprendizaxe máis ampla e transferible ás distintas situacións da vida. As simulacións, os estudos de casos ou as actividades extraescolares convértense en pezas claves da metodoloxía a empregar.

b. O uso das TIC.

As tecnoloxías da información e da comunicación estarán presentes de forma habitual no proceso educativo como instrumento facilitador para o desenvolvemento do currículo. Tentaremos que o alumnado participe non só como simple receptor senón que tamén actúe como creador de contidos.

c. O traballo cooperativo.

Unha excelente forma de afrontar o traballo na aula é mediante técnicas de aprendizaxe cooperativa. Ensinar a outros é a mellor vía para conseguir unha aprendizaxe permanente. Ademais o traballo cooperativo é case requisito imprescindible para abordar competencias como “Competencia persoal, social e de aprender a aprender”, “Competencia cidadá” e a “Competencia emprendedora”. As técnicas baseadas na formación de equipos con alumnado heteroxéneo de distinto nivel curricular e roles rotatorios resultan determinantes nun contexto de traballo das competencias. O reparto de roles e responsabilidades dentro de cada equipo evitará a pasividade. A responsabilidade individual e para co grupo facilitará o camiño para



que todos melloren segundo as súas capacidades.

d. O modelado guiado.

Non debemos esquecer que antes de propoñer calquera tipo de traballo novo ao alumnado, este debe recibir as nocións precisas e os modelos de referencia para iso. O profesorado debe guiar este modelado de forma que antes de facer as tarefas, o alumnado poida estar ben informado sobre as características do que ten que facer logo dunha reflexión baseada en obxectos similares feitos con anterioridade por outras persoas (mesmo outros alumnos/as).

e. O tratamento da información.

Consideramos que neste eido da información a fin á que debemos tender é a de conseguir que paulatinamente o noso alumnado, ademais de recoller a información, a transforme. Debemos intentar que o alumnado sexa quen de crear coñecemento con esa información que atopou, isto conséguese cando crea produtos novos con ela.

f. O traballo por secuencias ou proxectos.

Sen que menosprezemos a estrutura da unidade didáctica, convén que as actividades de clase se estruturen igualmente en ocasións en forma de secuencias ou proxectos.

Nas unidades o normal é que se produza unha cadea de exercicios moitas veces independentes uns doutros. Nas secuencias ou proxectos as tarefas están máis relacionadas xa que cada unha é unha fase da tarefa ou produto final.

4.1.5. **Avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente**


A avaliación que realizamos do noso alumnado ten as seguintes características:

a. É continua porque está dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe co propósito de detectar as dificultades no momento en que se produzan e posibilitar as medidas susceptibles de permitir a continuidade do proceso de aprendizaxe.

b. É diferenciada segundo as distintas materias presentes nas propostas curriculares, polo que analiza os progresos en cada materia en función dos obxectivos que se determinen.

c. O proceso de aprendizaxe do noso alumnado avalíase sempre tendo en conta as características propias do noso alumnado e o contexto sociocultural do noso centro.

d. A avaliación ten carácter formativo e orientador en tanto que procuramos que nos proporcione unha información constante que nos permita mellorar tanto os procesos



como o resultado da nosa intervención.

Por conseguinte, consideramos que avaliar é máis que cualificar. Cremos que non só cómpre coñecermos os resultados senón tamén sabermos o xeito en que se producen, tendo sempre en conta todos os factores que condicionan o proceso educativo. A finalidade do anterior sería a de mellorar a calidade da educación que recibe o noso alumnado.

4.1.6. **Actividades complementarias e extraescolares**


Tanto as actividades complementarias (visitas didácticas, traballos de campo, excursións de titoría...) como as extraescolares (máis alá do recinto escolar e das horas lectivas: deportes, teatro, clubs de aficións...) supoñen un tempo extra, unha complementariedade ao tempo escolar.

Desde unha perspectiva de convivencia as actividades de participación colectiva, onde se desenvolvan procedementos diversos (observación, recollida de datos, contactos con outras xentes e entidades...) favorecen a competencia persoal, social e de aprender a aprender dos/das nosos/as mozos/as. Porén, a nivel organizativo esixen uns obxectivos claros e concisos, unha implicación grande do profesorado e do alumnado e no seu caso das familias.

Pensamos que este tipo de actividades son claves para coñecer os nosos discentes en contextos diferentes e darnos a posibilidade de principiar vínculos afectivos e de comunicación máis achegados. Por iso nunca deberemos renunciar a crear estes momentos de encontro e deberemos seguir a potencia-los na medida das nosas posibilidades. Agora ben, estas actividades haberá que ordenalas e vencellalas ao curricular e ao tratamento en titoría. Cando se propoñen; haberá que evitar caer nun "frenesí" de actividades complementarias sen obxectivos claros nin tempo para o seu tratamento (isto causa descontrol e rompe ritmos de aprendizaxe).

Neste eido das actividades complementarias cómpre salientar certas actividades que mantemos ao longo do curso escolar que promoven identidade, dan cohesión e crean proximidade na nosa comunidade educativa.

Estámonos a referir ás actividades relacionadas co programa TEI e ás festas e conmemoracións que realizamos e seguiremos a realizar ao longo do ano escolar. Exemplos do anterior poden ser: celebración do Samaín, do Día contra a Violencia de Xénero, do Nadal, do Día dos dereitos da infancia, do Entroido, o Día internacional da Muller, Día do pobo xitano, a Semana do Libro, a Semana das Letras, o campionato deportivo de centro, a festa ou excursión de fin de curso.



Estes momentos son importantísimos para a mellora da convivencia, ao desenvolver a autorresponsabilidade do noso alumnado xa que se crean sistemas de participación que favorecen a toma de decisións responsable (alumnado organizador, alumnado participante, alumnado voluntario, delegados e delegadas...).

4.2. **Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa:**

A implicación dos diferentes axentes da comunidade educativa é básica para lograr un clima de convivencia favorable. A participación do alumnado, do profesorado e das familias está prevista no ordenamento legal e xoga un papel decisivo nas novas propostas educativas.

A participación representa unha oportunidade para desenvolver actitudes de cidadanía, de democracia interna onde se poñen en práctica valores que deberan permanecer no pensamento e comportamento do alumnado na súa vida adulta.


Participar promove o intercambio e favorece a convivencia. Por iso o noso centro está e estará aberto a organizar actividades de convivencia, actividades lúdico-activas e festas, porque valoramos que a aprendizaxe de “organizar”, “tomar en conta as decisións comúns”, “valorar as necesidades”, “responsabilizarse dos propios actos e dos demais”, etc só se poden aprender e incorporar logo de telo posto en práctica.

O regulamento do centro establece a obrigatoriedade dunha serie de órganos de participación que dan equilibrio na toma de decisións. Estes son: Consello Escolar, Claustro de Profesores, Departamentos didácticos, Xunta de delegados e Asociación de nais-pais. Isto é o que poderíamos chamar participación formal.

A través destes órganos colexiados toda a comunidade está implicada en canto que vota e demanda respostas de xestión por parte dos seus membros. Estes, á súa vez, son responsables das súas accións como representantes dos respectivos sectores da escola.

A pesar disto, entendemos que un grande número de membros da nosa comunidade educativa, máis aló do estrito cumprimento das normas escolares, se senten alleos a moitas decisións. Por iso cremos que debemos propiciar un eido especial: a voluntariedade.

É precisamente con esa voluntariedade como podemos formar un sistema de participación onde se potencien as accións pro-sociais, de axuda e compartir, de implicación e busca de identidade. Para iso consideramos necesario dar sentido á



participación como obxectivo educativo clave para aprender a desenvolver a competencia social, o respecto ao outro e as actitudes solidarias e non agresivas. Isto sería a participación informal que buscaremos potenciar a través de distintas formas e expresións: viaxes, obradoiros, obras de teatro, festas, actividades deportivas, proxectos, colaboracións, apoios ás ONG, etc.

No tocante á formación da comunidade educativa en cuestións de convivencia, falaremos das seguintes liñas de actuación:


Familias.- Ao abeiro da Resolución do 3 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o apoio á creación e ao funcionamento das escolas de nais e pais reguladas pola Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa propoñerase na primeira reunión de comezos de curso a constitución dunha "Escola de nais e pais" que funcione como espazo de encontro entre as familias e o instituto e contribúa a dotar as familias dos instrumentos e estratexias axeitados para tratar os conflitos dende o propio ámbito familiar.

Para propiciar esta actuación, a devandita escola deberá contar coa asesoría do equipo directivo, do departamento de orientación e das axudas externas que puideran aportar entidades, organismos e institución (servizos sociais do concello de Ferrol, CFR, ...).

De non chegar a constituírse esta no centro, fomentarse a participación en actividades de formación propostas desde o CFR ou calquera outra entidade da contorna.

Profesorado.- Solicitud de oferta de cursos no CFR destinados ao profesorado interesado, en particular ao profesorado titor de ESO.

Alumnado.- Tratamento nas titorías do tema da violencia, tanto a estrutural ou cultural como da directa. A primeira delas ao pasar máis desapercibida necesitará da formación do noso alumnado no sentido de que saiba detectala do xeito máis efectivo posible e reaccionar ante ela. Será tratada nas sesións de titoría desde a perspectiva da coeducación como elemento que contribúe ao desterro das actitudes sexistas, intolerantes ou reaccionarias fronte ao débil. Neste senso, o tratamento de temas transversais como a cultura da paz, a educación en valores ou a tolerancia, é un instrumento útil.



4.3. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia:

Inclúense actividades de integración e participación do alumnado, de relación familia e centro, de sensibilización fronte ao acoso, de organización para a axeitada vixilancia de espazos e tempos,...

A) Creación e posta en marcha dos seguintes programas:

*AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA

*AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA (ambas postas en marcha no curso 2015-16).

*TITORÍA ENTRE IGUAIS (Programa TEI, iniciado no curso 2017-18).

*SERVIZO DE GARDAS NO TEMPO DE LECER.

*CONTRATOS-PROGRAMA relacionados coa convivencia, a inclusión e a igualdade: CP Inclúe-T, CP Convive-T, CP Iguála-T, CP Emociona-T, CP Queda-T.

B) Creación doutras actividades:

* Proxectos educativos que involucren alumnado e familias.

-Responsables.- Equipo directivo e D.O.

-Temporización.- Planificación previa ao comezo de cada curso.

-Destinatarios.- Alumnado.

4.3.1. Difusión de normas:

A) Visita ao noso IES do alumnado e as familias de 6º curso de EP dos centros adscritos. Amosaráselles as instalacións do centro e comentaranse brevemente os aspectos organizativos básicos e as normas de organización e funcionamento máis salientables.


-Responsables da actividade: Equipo directivo e orientador/a do centro. Presidente/a da ANPA.

-Temporización: Mes de xaneiro do curso no que rematan EP.

-Destinatarios: Alumnado matriculado en 6º nos centros adscritos e responsables legais.

B) Propoñemos os seguintes procedementos de difusión dos aspectos básicos da convivencia no noso IES:

*Información das normas de convivencia na paxina web e nas reunións de principios de curso.



-Responsable.- Persoa encargada de actualizar a páxina web e equipo directivo.

-Temporización.- Durante todo o curso.

*Reunións a principio de curso dos equipos docentes para revisar acordos e coordinar actuacións.

-Responsable.- Xefatura de estudos.

-Temporización.- Mes de setembro.

*Reunións das persoas titoras coas familias dos seus grupos durante o mes de outubro, onde se lles facilitará información sobre as normas de convivencia.

-Responsable.- Titores/as.

-Temporización.- Outubro.

*Plan de convivencia.- Entrega do documento íntegro a: Claustro, Consello Escolar, delegados/as de grupo, ANPA e publicación do mesmo na páxina web do centro.

Colocación nos taboleiros das clases dun cartel resumo cos aspectos máis relevantes.

Dedicarase unha sesión trimestral (cando menos) de tutoría a que o alumnado coñeza o contido do plan e a analizar como está sendo a súa aplicación, a través da observación dos aspectos que están a funcionar ben e das dificultades detectadas.

Dedicarase unha sesión informativa anual na ANPA para comentar o devandito plan e a súa implementación na práctica.

4.3.2. **Accións de sensibilización**


A) Entrevista inicial colectiva con todos os representantes legais da tutoría onde, en relación coa convivencia, se tratarían os seguintes puntos:

*Informar sobre a importancia da intercomunicación familia-Centro (titor/a), tendente a lograr unha adecuada colaboración.

*Propoñer ás familias reunións ao longo do curso, tanto a nivel colectivo como a nivel individual, a iniciativa de calquera das partes.

*Proporcionar un cuestionario normalizado para que as familias o enchan, facilitando datos importantes do alumnado, aclarando que a finalidade é recoller información para o seu mellor coñecemento (haberá que incidir na confidencialidade da información).

*Coñecemento e comentario das actuacións e dos programas recollidos no noso PLAN DE CONVIVENCIA e petición de axuda ás familias para colaborar na



súa implementación.

-Responsables da actividade: Titores/as, xefatura de estudos coa colaboración do D.O.

-Temporización: Primeira quincena de outubro.

-Destinatarios: Familias do alumnado.

B) Elaboración das normas básicas de funcionamento das clases, onde se deberá incluír compromisos de cumprimento para profesorado e para alumnado. Deberá incluír como mínimo os seguintes aspectos:

*Límites que se sinalan para delimitar as condutas axeitadas das que non o son.

*Avisos e/ou advertencias que se seguirán antes de implementar calquera sanción.

*Tipos de sancións que se imporán en función das condutas inadecuadas realizadas.

*Compromisos de convivencia que dende o grupo e o profesorado se adquiren.

Nota importante: Neste proceso de elaboración de normas de aula terase como referencia o explicitado nas Normas de Convivencia.

-Responsables da actividade: Titores/as e alumnado coa colaboración do D.O.

-Temporización: Setembro.

-Destinatarios: Alumnado e profesorado.

C) Análise das "Normas de organización e funcionamento" nas diferentes titorías facendo especial fincapé nos seguintes aspectos:

*Entradas e saídas do centro.

*Vida cotiá nas dependencias do centro.

*Uso e mantemento dos servizos hixiénicos.

*Hábitos de hixiene persoal, con especial mención ás clases de Educación Física e á entrada e saída do comedor.

*Uso do servizo de transporte escolar.

*Uso do servizo de comedor.


*Uso da biblioteca.

*Uso das instalacións deportivas e recreativas.

*Dereitos do alumnado.

*Obrigas do alumnado.

*Dereitos dos profesores/as.



*Obrigas dos profesores/as.

*Dos dereitos do persoal non docente.

*Das obrigas do persoal non docente.

*Das obrigas e dos dereitos comúns a todos os membros da nosa comunidade.

-Responsables da actividade.- Equipo directivo, titores/as, departamento de orientación.

-Temporización.- Ao longo de todo o curso pero con especial dedicación no 1º trimestre do mesmo.

-Destinatarios.- Alumnado, profesorado e persoal non docente.

NOTA IMPORTANTE.- Habería que artellar os medios necesarios para que esta información lles puidese chegar de xeito paulatino ás familias.

D) Decoración e espazos.

A ecoloxía do centro ten que ver moito coa actitude agresiva ou de estrago e deterioro que se xera no mesmo. Todos os espazos inflúen no traballo cotián e o ambiente escolar é un dos aspectos que inflúen na creación dun clima positivo para a aprendizaxe e a convivencia. Por iso sempre estaremos dispostos/as a expoñer en paredes, taboleiros, exposicións... traballos do alumnado, actividades que organizamos, informacións sobre visitas culturais realizadas, informacións sobre campañas, carteis informativos ou de sensibilización, saídas e excursións, actividades da ANPA... o que favorecerá unha identificación dos membros da nosa comunidade educativa coas actividades que se levan a cabo e co centro.

-Responsables.- Toda a comunidade educativa.

-Temporización.- Ao longo de todo o curso escolar.

E) Elaboración de diferentes materiais gráficos cuxa temática incida en valores, actitudes e condutas que propicien unha boa convivencia no noso IES.

-Responsables.- Profesorado e alumnado.

-Temporización.- Durante todo o curso.


-Destinatarios.- A comunidade educativa.

F) Efemérides e conmemoracións.- Procurarase que teñan un sinal especial na vida do centro os seguintes catro días:

*Día 25 de novembro.- Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

*Día 10 de decembro.- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

*Día 30 de xaneiro.- Día da non Violencia e da Paz.



*Día 8 de marzo.- Día Internacional da Muller.

*Día 8 de abril- Día do Pobo Xitano.

-Responsables.- Profesorado. Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares.

-Temporización.- Días sinalados.

-Destinatarios.- Alumnado e, de ser posible RESTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

4.3.3. Protocolos de detección temperán:

A) Realizar entrevistas co profesorado titor e orientadores/as do alumnado de EP sobre as características e circunstancias do alumnado que se incorpora por primeira vez á ESO (tanto o que provén dos nosos centros adscritos como o que proveña doutros centros).

-Responsables da actividade.- Xefatura de estudos e xefatura do departamento de orientación.

-Temporización.- Meses de maio e/ou xuño do ano en que este alumnado remata EP..

-Destinatarios.- Profesorado e alumnado dos centros adscritos.

B) Ídem que o anterior para aquel alumnado que se incorpora ao noso centro dende outro centro de Educación Secundaria.

C) Especial atención cando se decida a formación dos grupos e a elaboración de horarios (principalmente os de 1º da ESO) para atender as suxestións realizadas dende os centros adscritos e os informes recibidos. Buscarase que as decisións que se tomen faciliten a convivencia nesos grupos.

-Responsables da actividade: Dirección, xefatura de estudos e equipos docentes implicados coa colaboración e asesoramento do/a orientador/a.

-Temporización: Meses de xuño e/ou setembro.

-Destinatarios: Alumnado (principalmente o de 1º de ESO).

D) Realización da avaliación inicial a partir da cal se tomarán as MAD máis aconsellables en función das características e condicións do alumnado implicado.

-Responsables da actividade: Profesorado.

-Temporización: Segunda quincena de outubro.

-Destinatarios: Alumnado.

E) Mantemento das aulas de convivencia e implantación do procedemento de prácticas restaurativas previo ao parte de conduta, a través da reflexión, que lle



permitan ao alumnado ter consciencia da conduta inadecuada e lle dea a oportunidade de corríxila. Estas fichas iránse revisando e mellorando coas achegas de todos/as.

- Responsables.- Equipo directivo e D.O.
- Temporización.- Primeiro trimestre do presente curso.
- Destinatarios.- Alumnado.

F) Vixilancias de recreo, transporte e comedor escolar.

Ao comezo de cada curso escolar a X.E. elaborará un horario de vixilancias de recreos, transporte e comedor escolar.

- Responsable.- Xefatura de estudos.
- Temporización.- Comezo de curso.

G) Comprobar a idoneidade dos agrupamentos e dos horarios en vigor (con especial atención aos horarios do profesorado de P.T.), cabendo a posibilidade de modificacións sempre que se considere que poden ser de utilidade no ámbito da convivencia.

-Responsables da actividade: Xefatura de estudos e equipos docentes implicados.

-Temporización: Como norma xeral, durante o primeiro trimestre de curso. Valorarase esta posibilidade no resto dos trimestres só no suposto do alumnado que se incorporase ao noso centro co curso xa iniciado.

- Destinatarios: Alumnado implicado.

H) Actuacións dende o PAT:

No actual PAT aparecen recollidas unha serie de actuacións que poden chegar a incidir de xeito positivo no eido da convivencia. Son as seguintes:

*Actividades para mellorar a integración escolar, a convivencia entre o alumnado e para previr o acoso escolar. Programa TEI.

Responsables.- Titores/as e D.O.

-Temporización.- 1º e 2º trimestres

-Destinatarios.- Alumnado.

*Actividades relacionadas coa mellora da convivencia a través do traballo en habilidades sociais (CONVES).

*Actividades relacionadas coa mellora da convivencia a través do desenvolvemento da autoestima e a resolución pacífica de conflitos.

-Responsables.- Titores/as e D.O.



-Temporización.- 1º e 2º trimestres

-Destinatarios.- Alumnado.

* Actividades relacionadas coa mellora da convivencia a través do desenvolvemento do Plan de Benestar Emocional co alumnado, que permita identificar e interpretar as emocións, e dar recursos para xestionar as negativas.

Responsables.- Titores/as e D.O.

-Temporización.- 1º e 2º trimestres

-Destinatarios.- Alumnado.

*Actividades relacionadas coa elaboración das normas de clase, de coñecemento das NOFC e do PLAN DE CONVIVENCIA. Prestarase especial atención a explicar as canles de participación do alumnado na elaboración das normas, para que as sintan como súas e para acostumarlos a vivir nunha democracia participativa.

-Responsables.- Titores/as e D.O.

-Temporización.- Setembro e outubro.

-Destinatarios.- Alumnado.

l) Mecanismos de participación na vida do centro de todos os membros da comunidade educativa.

Potenciación das tarefas da xunta de delegados, da ANPA, da coordinación entre o profesorado (equipos docentes, departamento de actividades complementarias e extraescolares, departamentos didácticos e departamento de orientación).

-Responsables.- Equipo directivo.

-Temporización.- Durante todo o curso.


-Destinatarios.- A comunidade educativa.

4.4. Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar:

4.4.1. Campañas de sensibilización:

- A través da ANPA e das reunións coas familias: difusión da necesidade de estar vixilantes sobre estas posibles situacións de acoso, para detectar tanto a presunta vítima como o presunto causante da agresión.

- No marco das actividades das titorías: realización dun programa de sensibilización contra o maltrato entre iguais, a través de charlas relacionadas co acoso, como as ofertadas polo Corpo Nacional de Policía, ou contra a violencia de



xénero, como as impartidas pola asociación ALMAT. Continuidade co programa TEI.

- Nas sesións lectivas: análise periódica de noticias relacionadas co tema do acoso, aproveitando o programa de Prensa na Escola.
- Na decoración do centro: carteis permanentes e actualizados, que incidan en aspectos como os seguintes: acoso e violencia e igualdade de xénero.
- Desde o equipo directivo: fomento da participación en programas que favorezan a autoestima persoal do alumnado co fin de evitar tanto á situación de vítima coma a de agresor, por exemplo, o programa Quérote+ dentro do Plan Proxecta.


4.4.2. **Canles que faciliten ás vítimas a exteriorización da situación de acoso:**

- Protección inmediata dos membros da comunidade educativa á presunta vítima, ante calquera asomo de inxuria, ofensa, burla ou outro tipo de actitude acosadora por parte dalgún membro da comunidade, sempre coa debida discreción e buscando o diálogo cara a favorecer na vítima a exteriorización de calquera situación que lle cause malestar.
- Colocación dunha caixa de suxestións, queixas, rogos... onde calquera membro da comunidade educativa poida manifestar as súas inquiredanzas de xeito anónimo diante de feitos relacionados co acoso.

4.4.3. **Medidas de actuación en caso de detección de situacións de acoso:**

Sempre que se teña constancia dunha posible situación de acoso:

- Será designada, pola persoa titular da dirección do centro, unha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal do propio centro docente. Esta designación procurárase que, cando sexa posible, recaia sobre unha persoa con que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.
- Será informado, agás que as peculiaridades do caso así o desaconsellen, todo o equipo docente de vítima e agresor para que estean alerta para evitar ou constatar posibles situacións de acoso.
- Seguiranse as instrucións do 17 de xuño de 2013 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa e o Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso, anexo ás mesmas, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño. Neste estableceranse as modificacións puntuais que esixan as circunstancias que rodeen cada caso concreto. (Haberá que incluír tamén no apartado que




corresponda os demais protocolos que poidan afectar. Queda pendente de revisar Educonvives).

4.5. Medidas ou programas específicos para promover a convivencia no centro, que fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura de paz

- Diálogo frecuente entre titores/as e alumnado para corrixir as condutas contrarias á convivencia.
- Práctica de dinámicas nas titorías destinadas a mellorar as habilidades sociais e a resolución pacífica de conflitos.
- Celebración do día da Paz con algunha actividade que implique todo o centro.
- Incremento da participación do alumnado (a través da Xunta de Delegados, das titorías...) no tocante a opinións sobre melloras a realizar no centro (mobiliario, decoración...) para que sintan as instalacións como bens comúns a protexer.
- As actividades incluídas dentro do Plan de Benestar emocional destinadas á mellora da convivencia positiva entre os membros da comunidade educativa.

5. CONCRECIÓN, EN CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS, DAS PERSOAS OU DOS ÓRGANOS RESPONSABLES, DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DOS PROCEDEMENTOS QUE SE VAN SEGUIR PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN.

Esta concreción vai sinalada dentro do apartado 4 para cada unha das actuacións, medidas ou programas.



6. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO:

6.1. Dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa

Segundo recolle o Título II da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa os dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa son:

Artigo 6. Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores.

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A ser respectados/as e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.

b) A estar informados/as sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.

c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.

d) A ser oídos/as, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.


2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.

b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.

c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.

d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas



contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

Artigo 7. Dereitos e deberes do alumnado.

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.

d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia dos seus respectivos centros docentes.

g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.

h) Asistir ás clases con puntualidade e co material preciso.



Artigo 8. Dereitos e deberes do profesorado.

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.

e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.


2. Son **deberes do profesorado**:

a) Respetar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.



e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Artigo 9. Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos.

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar. d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

2. Son **deberes** do persoal de administración e de servizos:

a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

c) Informar os responsables do centro docente e, de ser o caso, a Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

6.2. Protocolo que contribúa á detección do incumprimento das normas

Posto que xa está contemplado no protocolo de medidas correctoras unha gradación das fases que permite a detección do incumprimento de normas e a reflexión do alumnado previa á aplicación dunha medida correctora, remitímonos ao disposto para a actuación ante actos disruptivos en aula (Apartado 8 deste Plan) ou ao sinalado no Anexo



I (Procedemento corrector).


En xeral, sempre que calquera membro da comunidade educativa se decate de calquera incidencia que poida derivar nunha falta de conduta intentará facer reflexionar a quen a cometa e comunicarao ao/á titor/a, á Xefatura de Estudos ou a Orientación, segundo a gravidade da incidencia. Estes actuarán entrevistándose co alumnado, reiterando a reflexión e facendo fincapé nas consecuencias que pode ter a súa actitude.

No caso de que a conduta detectada se considere grave, utilizarase o Doc 5 do *Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia* (<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>), documento que responde ao sinalado no Decreto 8/2015:

“O profesorado do centro elaborará un documento que deberá conter, segundo se establece no artigo 37 do decreto, como mínimo os seguintes datos:

- Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
- A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- Nome, apelidos, enderezo e datos académicos do alumnado incurso no procedemento, e se non fose maior de idade, tamén os datos identificativos das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e. 12
- De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
- Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.”

Este documento estará dispoñible na Sala de Profesorado e remitirase á Dirección, quen valorará a pertinencia de incoar un procedemento corrector.



6.3. **Condutas contrarias á convivencia, medidas correctoras e responsables das actuacións**

Dentro das condutas contrarias á convivencia cabe diferenciar entre condutas gravemente prexudiciais e condutas leves contrarias á convivencia.

Para a **corrección das condutas gravemente prexudiciais** seguiremos os procedementos establecidos no *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*. Sempre que sexa posible, buscarase a resolución do conflito pola vía da conciliación. De non ser así, recorrerase ao procedemento común.

Segundo recolle o decreto no Artigo 48 nos puntos 3, 4 e 5:

- Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector.


- A dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar. En todo caso, corresponderalles aos centros educativos concretar nas normas de organización e funcionamento do centro os criterios polos que se realizará a designación.

o Nas Normas de Organización e Funcionamento do centro quedan establecidos os seguintes criterios para a designación:

- Comezarse por orde alfabética inversa do primeiro apelido do Z ao A.
- Excluiranse, sempre que sexa posible:
 - Profesorado titor do alumnado.
 - Profesorado do equipo docente do alumnado.
 - Membros do Consello Escolar
 - Membros da Comisión de Convivencia

- A persoa instrutora terá as seguintes funcións:

a) Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da



conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.

b) Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.

c) Proporlle á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto.

d) Proporlle á dirección do centro o arquivamento das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.

Para a **corrección das condutas leves contrarias á convivencia** rexerémonos polo procedemento corrector elaborado co consenso de todos os sectores da comunidade educativa a través da Comisión de Convivencia e do Claustro e que se adapta ao contemplado no referido decreto. Achégase como Anexo I.

7. NORMAS ESPECÍFICAS SOBRE A COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO:


7.1. Funcionamento

A comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

A Comisión de Convivencia do IES de Catabois foi constituída este curso 2015-2016 coa intención de ter unha canle de comunicación directa entre todos os sectores da comunidade educativa e poñer a andar este novo plan de convivencia ao que agora se lle dá forma.

Todos os seus membros pertencen a ela de xeito voluntario e mostran unha actitude conciliadora e de absoluto respecto pola confidencialidade.

Gustaríanos que houbera unha maior representación por parte do colectivo das familias, pero por diferentes motivos (laborais, de desprazamento, desinterese



...) non houbo o número desexado.

A comisión de convivencia exercerá por delegación do Consello Escolar as seguintes funcións:

a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

d) Proporlle ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como darlle conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e) Proporlle, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.


f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, onde se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do Departamento de Orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou



educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

7.2. Composición

Actualmente está composta por unha nai, unha alumna e un alumno, un membro do persoal de administración e servizos, un profesor, unha profesora (e Secretaria do centro), o xefe do Departamento de Orientación e os responsables de Xefatura de Estudos e Dirección.

Mantense unha proporción semellante á da Constitución do Consello Escolar e unha paridade entre homes e mulleres, tal como esixe o Decreto que a regula.

Corresponde á directora ou ao director exercer a presidencia da mesma. Unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do Consello Escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

7.3. Periodicidade das reunións


A Comisión reunirse con carácter ordinario tres veces ao ano, unha por trimestre e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

No curso 2015-2016 e con obxecto de elaborar este Plan de Convivencia a Comisión réunese con carácter periódico unha vez ao mes, normalmente no primeiro xoves de cada mes.

En xeral, contéplase a súa convocatoria, con carácter extraordinario, sempre que así o esixa o desenvolvemento da convivencia no centro ou cando se considere preciso modificar algunha das actuacións previstas neste plan.

7.4. Plan de actuación

- Actualizar periodicamente o Plan de convivencia.
- Facer as modificacións pertinentes cara a unha mellora da convivencia no centro
- Elaborar a memoria anual sobre a convivencia no centro
- Promover o desenvolvemento dun plan de mediación



8. AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA.

Mantemos a denominación establecida na Circular 8/2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria. Esta aula de atención educativa e convivencia (en diante AAEC) ponse en funcionamento no curso 2015-2016 artellando un sistema en que é atendida por un dos docentes de garda (ou un membro do equipo directivo). Fisicamente é un espazo de reflexión próximo á Xefatura de Estudos.

A remisión á AAEC poderá ser por diferentes motivos:

- 1.- Actos disruptivos reiterados nunha mesma sesión de clase.
- 2.- Actos disruptivos de alumnado con reiteradas faltas de conduta.


Os protocolos de actuación se especifican a continuación:

1.- Protocolo para actos disruptivos reiterados nunha mesma sesión de clase. O proceso será o que se detalla a continuación:

- **1º:** Amonestación verbal na aula.
- **2º:** Saída da aula. O/a docente envía ao alumnado á sala de profesorado: O profesorado de garda **atende, anota no libro de gardas os datos, a fecha e o motivo da saída obrigada da aula e acompaña ao alumnado no proceso de reflexión necesario** sobre o que ocorreu e remite o alumnado de novo á aula, cun compromiso de rectificación e, se procede, petición de desculpas ao/á docente e ao grupo.
- **3º:** Se ten que saír por **2ª vez** porque continúa coa mesma actitude: o/a docente remíteo de novo con material de traballo para que vaia co profesor de garda a aula de atención educativa e convivencia. Posteriormente, o docente rexistra a falta de conduta en XADE, comunícao ao/titor/a e, sempre que sexa posible, telefonicamente aos representantes legais.

2.- Actos disruptivos de alumnado con reiteradas faltas de conduta. Funcionarase segundo o seguinte **protocolo de actuación:**

- O alumnado (un ou dous) con partes sen medida correctora sinalada será atendido polo profesorado de garda na AAEC.
- Se hai máis alumnado con parte e traballo, sen ir á aula de convivencia, poderán atenderse polo profesorado de garda nas mesas do corredor principal ou nunha aula de desdobramentos.
- O docente de garda traballará co alumnado o proceso de pensamento, procurando a reflexión axeitada sobre o sucedido.



Se a resposta fose inconveniente, sen intención de cambio positivo, informarase o responsable de Orientación do centro ou a un membro do equipo directivo.

- Cada falta de conduta rexistrada en XADE pode levar aparellada, se así o estima o docente que impón a mesma, unha perda de recreo(s) que atende preferentemente o profesorado que a impón e, no seu defecto, quen acorde o equipo directivo.
- Deberán levar traballo das/dos docentes que tivesen que impartirle clase durante as sesións que permaneza nesa aula. Se non ten traballo, copiará algunha lección do seu material ou utilizarán os materiais da AAEC.
- Os partes serán rexistrados cronolóxicamente no libro de faltas da sala de profesores polo profesorado de garda, de maneira que os titores/as e a xefatura poidan aplicar o procedemento corrector.
- O docente debe rexistrala en XADE. É importante para determinar se se produce reiteración das condutas contrarias
- Ao finalizar cada trimestre a xefatura recollerá os datos para arquivalos e recoller a información necesaria para transmitila á Comisión de Convivencia.

Achégase un cadro resumo na páxina seguinte.

No libro de gardas haberá un rexistro de recollida de datos do alumnado: nome, curso, hora, data e materia na que foi enviado a AAEC/AI, que cubrirá o profesorado de garda/equipo directivo. O motivo quedará reflectido no libro. Sería importante neste tempo, falar co alumnado do que pasou, escoitalo, calmalo e intentar crear empatía cos seus compañeiros/as e co traballo do profesorado con actitude asertiva. Informarase telefonicamente e por escrito ás familias ou responsables legais do alumnado que tivese partes ao finalizar a xornada lectiva ou o antes posible.



ACTOS DISRUPTIVOS
 en distintas sesións

1ª FICHA:
UN RECREO

2ª FICHA
UN RECREO


3ª FICHA
PARTE:
SEN 2 RECREOS
+ OUTRA MEDIDA
CORRECTORA
AULA INCLUSIVA
OU SUSPENSIÓN
DE ASISTENCIA
ATA 3 DÍAS

ACTOS DISRUPTIVOS
 nunha mesma sesión

1º
AMOESTACIÓN
VERBAL

2º
FICHA DE
REFLEXIÓN E
VOLTA Á AULA
SEN RECREO

3º
PARTE DIRECTO
SEN 2 RECREOS
+ OUTRA MEDIDA
CORRECTORA




9. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.

A Aula de Convivencia Inclusiva utilízase, como se establece no decreto, para suplir o tempo de **suspensión de asistencia á aula ordinaria** nos casos nos que a norma indique, evitando así a desconexión do alumnado obxecto de corrección con respecto da vida académica.

As normas de utilización da mesma serán as seguintes:

- Non haberá máis dun/dunha alumno/a na aula inclusiva ou, de ser imprescindible, dous/dúas.
- O profesorado de garda encargado de AI atenderá o alumnado con esta medida correctora, velará porque teña sempre traballo correspondente co seu horario aportado polo profesor de clase ordinaria. En momentos de espera ou materias que non teñan tarefas específicas fará o material de pendentes se tivese. Tamén poderá copiar materia de exame para o seu estudo. Inclusive haberá na aula material que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais, que será seleccionado e proporcionado polo Departamento de Orientación.
- Nos recreos atenderase a aula de convivencia segundo o horario previsto polo equipo directivo e Departamento de Orientación.
- O profesorado axudará, no que considere, nos exercicios das materias e se non o considera, apuntará no rexistro as dúbidas que tivo o alumnado para pasarllo ao/á titor/a ou ao profesorado da materia, así como a actitude do alumnado cara ao traballo.
- Este alumnado terá os seus recreos (de idéntica duración aos habituais) despois que estea todo o alumnado nas aulas e os corredores en silencio (na 3ª e na 5ª hora).
- Poderá estar polo corredor central ou por fóra con material deportivo solicitado na conserxería, pero sen contacto coas aulas.
- Se coincide con exames poderá optarse por distintas vías, a xuízo do docente:
 - Docente que prefire que o alumnado faga o exame co seu grupo de referencia: cando o alumnado estea nas aulas, o profesorado encargado de AI, nesa hora, acompañará ao discente ata a súa aula, só estará o tempo necesario para facer o exame e volverá a AI (Aula Inclusiva). O docente de AI estará pendente por se rematase o exame e volvese á AI.



Sairá ao recreo se é o tempo ou seguirá a facer as súas tarefas.

- Docente que prefire que o alumnado faga o exame na AI: Antes de ir á súa aula entregaralle o exame ao/á profesor/a ou ben pasará pola aula para entregar o exercicio e dar as recomendacións pertinentes. Tamén pode optar por cambiarllo de hora, se nesa xornada, ten algunha sesión de garda AI.

A aula de Convivencia Inclusiva pretende ser un espazo e tempo de reflexión onde os/as docentes poidan ir achegando o seu gran de area ao alumnado, sendo obxectivos e sempre asertivos. O silencio en compañía e a reflexión e a conversa tranquila, dando oportunidade ao alumnado de expresarse, tamén nos achega coñecemento da realidade e capacidade de comprensión co noso alumnado e a súa realidade. Moitas veces é esta a que se interpón nas actitudes e comportamentos dos nosos discentes.

10. ESCOLA DE NAIS E PAIS.

Dado que na actualidade a ANPA conta con moi poucos membros é difícil poñer en funcionamento unha escola de nais e pais. Contemplarase esta posibilidade sempre que as familias o demanden.

Para suplir esta carencia, darase ampla difusión a todas as actividades promovidas desde o CFR para este colectivo.


11. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN:

11.1. Dentro do centro:

- Reunións mensuais entre titores/as e Xefatura de Estudos e Orientación.
- Reunións periódicas (mínimo unha ao trimestre) da Comisión de Convivencia.
- Reunións periódicas (mínimo dúas ao trimestre) da Xunta de Delegados coa presenza da Xefatura de Estudos.

11.2. Coas familias

- Recepción das familias de alumnado dos centros adscritos nas semanas previas á reserva de praza por parte do Equipo directivo, Orientación e un representante da ANPA.



- Reunión de forma conxunta coas familias do alumnado e o Equipo directivo e Orientación a comezo de curso. Tamén se procurará que estea presente un representante da ANPA.
- Reunión de forma conxunta entre os titores/as e as familias do seu grupo a comezo de curso.
- Reunións periódicas, a petición da familia ou por iniciativa dos/das titores/as, para tratar de xeito individual o desenvolvemento no centro do alumnado.
- Colaboración estreita coa ANPA.

Con outros centros educativos

- Visita aos centros adscritos para dar a coñecer o noso centro ao alumnado.
- Deseño de actividades no centro nas que poida participar o alumnado dos centros adscritos ou busca da participación simultánea en actividades que oferte algunha institución da contorna.

11.3. Con organismos da contorna

- Promoción das actividades deportivas e culturais da comarca.
- Participación nas actividades que propoña o concello de Ferrol ou os limítrofes.
- Colaboración coa asociación de comerciantes da zona ECHO.
- Acordo de cesión das instalacións deportivas a entidades deportivas da zona.

12. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Enviarase copia deste plan aos membros de Comisión de Convivencia, Claustro, Comisión de Coordinación Pedagóxica e Consello Escolar.

Logo de ser aprobado, daráselle difusión a través da páxina web do instituto e da exposición no taboleiro informativo do edificio de Administración.

13. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O plan de convivencia será revisado periodicamente atendendo ás necesidades novas que se vaian presentando e, principalmente, co fin de variar aquelas actuacións, medidas e correccións nas que, logo da súa aplicación, resulte aconsellable facelo.



14. **APROBACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA:**

Tal como sinala o artigo 11.3 do Decreto 8/2015, este plan foi elaborado, na súa primeira redacción, pola Comisión de Convivencia, coas achegas de toda a comunidade, validado polo Claustro o 7 de marzo de 2016 e aprobado polo Consello Escolar o 17 de marzo de 2016.

A presente actualización elaborouse dentro da liña de convivencia do Plan de Formación Permanente do Profesorado e foi validada polo Claustro o e aprobada polo Consello Escolar con data...

15. **ANEXOS:**

**Anexo I: Procedemento corrector de condutas leves contrarias á
convivencia**



ANEXO I: PROCEDIMIENTO CORRECTOR DE CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA

CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

| CONDUTAS TIPIFICADAS COMO LEVES NO DECRETO 8/2015 | NORMAS ESTABLECIDAS NO CENTRO | MEDIDAS CORRECTORAS | RESPONSABLE DA APLICACIÓN DA MEDIDA |
|---|---|---|---|
| <p>1. Condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensas leves.</p> <p>2. Actos de discriminación leve contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.</p> | <p>1 Agresións, inxurias ou ofensas leves de carácter puntual.</p> <p>2 Actos de discriminación leve de carácter puntual.</p> <p>3 Agresións, inxurias, ofensas ou actos de discriminación leves reiterados contra persoas distintas.</p> | <p>1ª vez: Amoestación privada, saída da aula e comparecencia ante o/a docente de garda na sala de profesorado. Recóllese esa incidencia no rexistro de da sala de profesorado e volve á aula. De ser o caso, petición de desculpas á vítima. Se procede, comunicárase a falta aos responsables legais.</p> <p>2ª vez:</p> <ul style="list-style-type: none"> ◦ Saída da aula. Durante toda a xornada, permanecerá na aula de convivencia. Alí realizará traballos que lle asigne o profesorado. ◦ Comunicación telefónica aos responsables legais. ◦ Falta de conduta en XADE e comunicación aos responsables legais. | <ul style="list-style-type: none"> • Docente que, en primeiro lugar, teña coñecemento dos feitos. <ul style="list-style-type: none"> • Docente que, en primeiro lugar, teña coñecemento dos feitos, e docente de garda. • Falta de conduta en XADE : Docente. • Tarefas ao alumnado: Equipo docente • Custodia: Profesorado encargado da AAEC/AI. |



| | | | |
|--|---|--|--|
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ● Xefatura de Estudos ou Dirección. |
| | | <p>Reiteración (a partir da 3ª vez):</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades académicas do alumnado dentro da Aula Inclusiva (un día). | <ul style="list-style-type: none"> ● Falta de conduta en XADE : Xefatura de Estudos. ● Medida correctora: Dirección ● Tareas ao alumnado: Equipo docente ● Custodia: Profesorado encargado da AAEC/AI. |
| | <p>3. Agresións, injurias ou ofensas leves, actos de discriminación leve de carácter reiterado contra a mesma persoa susceptibles de derivación en acoso escolar.</p> | <ul style="list-style-type: none"> ● 1ª e 2ª vez: igual que o anterior. ● Reiteración (a partir da 3ª vez): <ul style="list-style-type: none"> ○ Falta de conduta en XADE e comunicación aos responsables legais. ○ Un día na Aula Inclusiva. ○ Apertura do protocolo de acoso escolar (Anexo 1 – Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar). | <ul style="list-style-type: none"> ● Parte de falta: Xefatura de Estudos. ● Medida correctora: Dirección ● Comunicacions: Xefatura de Estudos ou Dirección. |



| | | | |
|--|--|--|--|
| <p>3. Danos leves causados de forma intencionada ou por negligencia leve ás instalacións e aos materiais do centro, incluído os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.</p> | <p>1. Danos leves causados de forma intencionada ou por negligencia leve ás instalacións e aos materiais do centro, incluído os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.</p> | <p>1ª vez:</p> <ul style="list-style-type: none"> ◦ Falta de conduta en XADE con notificación aos responsables legais. ◦ Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material ou pertenzas deteriorados e/ou subtraídos. Se non pode repararse facilmente, deberá ser aboado o importe do seu arranxo ou reposición. | <ul style="list-style-type: none"> ● Falta en XADE: Docente que, en primeiro lugar, teña coñecemento dos feitos. ● Comunicación á familia: Titor/a. ● Medida correctora: Xefatura de Estudos/Dirección. |
| | | <p>2ª vez:</p> <ul style="list-style-type: none"> ◦ Ídem, pero con suspensión do dereito de asistencia ás clases de un a tres días, no que realizará tarefas académicas na Aula Inclusiva. ◦ Se fose conveniente, realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro. | <ul style="list-style-type: none"> ● Será atendido polo profesorado de garda da AI. ● Comunicación: Xefatura de Estudos ● Medida correctora: Dirección. |



| | | | |
|---|--|---|---|
| <p>4. Actos inxustificados que perturben levemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.</p> | <p>1. Permanencia nos corredores en horas de clase sen a correspondente autorización ou permanencia en tempo de lecer en zonas non permitidas.</p> <p>2. Permanencia na Biblioteca Escolar sen autorización.</p> | <p>1ª vez: amoestación verbal por calquera membro do claustro de profesorado ou do persoal non docente (se houberse reticencia a acatar a norma, o alumnado terá unha falta de conduta en XADE ou comunicarse ao titor/a).</p> <p>Posteriores: falta de conduta en XADE e comunicación ao titor/a. En caso de reiteración continuada, o equipo directivo determinará outra medida correctora.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Amoestación e/ou falta de conduta en XADE: Persoal docente e non docente que tivera coñecemento dos feitos • Medida correctora: equipo directivo |
|---|--|---|---|



| | | | |
|--|--|---|---|
| | <p>3. Actos disruptivos no desenvolvemento das clases ou das actividades complementarias e extraescolares (interrupcións inxustificadas).</p> <p>4. Falta de respecto ao dereito ao estudo dos/as compañeiros/as.</p> <p>5. Actitude pasiva cara ao estudo e ás orientacións do/da profesor/a.</p> <p>6. Actos de indisciplina de carácter leve.</p> | <p>Nunha mesma sesión lectiva:</p> <p>1º: amoestación verbal por parte do docente, petición de desculpas ao/á docente e ao grupo.</p> <p>2º: reiteración da conduta: (na mesma sesión): Presentación perante o/a profesor/a de garda. Rexistro na Sala de Profesorado e regreso á aula. Desculpas públicas ao grupo e á/ao docente pola interrupción. Posibilidade de perda dun recreo, preferentemente co docente implicado, e información ao/á titor/a.</p> <p>3º: reiteración da conduta ao voltar á aula ou se non manifesta compromiso de cambio: O/A profesor/a de garda solicitará tarefas ao/á docente e atenderá o alumnado na AAEC. 2ª falta de conduta en XADE (por dúas faltas consecutivas na mesma sesión), dous recreos e, se o docente o considera, realización de actividades académicas desa materia.</p> <p>En distintas sesións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reiteración da conduta: aterémonos ao procedemento sinalado no apartado Tratamento da reiteración de faltas leves. • O tratamento será o mesmo para os actos de indisciplina nos tempos de lecer ou nos períodos de comedor ou de espera e traslado no transporte escolar. | <ul style="list-style-type: none"> • Docente da materia dentro da aula: falta de conduta en XADE e comunicación telefónica á familia. • Docente de garda: anotación no Rexistro da Sala de Profesorado e atención posterior na AAEC se fose preciso. • Docente da materia atende o alumnado no(s) recreo(s) . • Xefatura de Estudos: notifícalles a medida correctora telefonicamente e/ ou mediante a aplicación Abalar aos responsables legais. |
|--|--|---|---|



| | | | |
|--|--|--|---|
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ● Responsables da AI. ● Dirección. |
| | | <ul style="list-style-type: none"> ● Se a actuación disruptiva se produce durante unha actividade complementaria ou extraescolar informarse mediante rexistro de falta de conduta en XADE á Xefatura de Estudos. Segundo a reiteración e/ou relevancia da disrupción, perda de un ou varios recreos e/ou do dereito a participar en actividades deste tipo durante un máximo de dúas semanas. | <ul style="list-style-type: none"> ● Docente responsable da actividade e Xefatura de Estudos |
| <p>5. Actuacións levemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.</p> | <ol style="list-style-type: none"> 1. Actos que poidan causar un prexuízo leve para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa. 2. Incitación a outro/a a cometer os actos sinalados no punto anterior. | <p>1ª vez: amoestación verbal e petición de desculpas.</p> <p>2ª vez: un segundo recreo na AI e comunicación telefónica aos responsables legais.</p> <p>3ª vez: falta en XADE e suspensión do dereito a participar en actividades complementarias e extraescolares durante un máximo de dúas semanas.</p> | <ul style="list-style-type: none"> ● Docente que, en primeiro lugar, teña coñecemento dos feitos. ● Responsables da AI. ● Xefatura de Estudos. |



| | | | |
|---|---|--|--|
| <p>6.Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia e sempre que non haxa resistencia para a súa entrega por parte do portador do elemento prexudicial.</p> | <p>1. Portar calquera obxecto, substancia ou produto que poida resultar perigoso para a saúde ou integridade persoal dos membros da comunidade educativa.</p> | <p>1ª vez: amoestación verbal por parte do docente e retirada do elemento perigoso. Falta en XADE e, segundo a gravidade do feito, entrega aos responsables legais.</p> <p>2ª vez: Ídem á 1ª, 1 día na Aula Inclusiva e suspensión da participación en actividades complementarias e extraescolares durante un máximo de dúas semanas.</p> <p>O feito de que haxa resistencia para a entrega do elemento será un agravante a ter en conta para a aplicación da medida correctora, podendo considerarse unha falta grave.</p> | <ul style="list-style-type: none"> ● Falta en XADE e comunicación á familia: Docente que, en primeiro lugar, teña coñecemento dos feitos. ● Xefatura de Estudos: Rexistro de recollida e entrega do obxecto, substancia ou produto. <ul style="list-style-type: none"> ● Dirección ● Responsables da AI |
|---|---|--|--|



| | | | |
|--|--|--|---|
| | <p>2. Facer uso do teléfono móbil ou calquera outro dispositivo electrónico sen ser baixo a supervisión dun docente e sen a autorización previa deste. (Só o/a docente poderá determinar a pertinencia do seu uso e sempre con fins educativos.)</p> | <ul style="list-style-type: none"> ● Infórmase desde o 1ª día de clase da normativa vixente e colócanse carteis nas aulas sinalando a prohibición de uso de calquera dispositivo non autorizado. ● 1ª vez: retirada do dispositivo que será entregado en Conserxaría (apagado, precintado e co nome do propietario). Falta en XADE. Será devolto ao final do día ao alumnado. Anotación no rexistro destinado a tal fin en Conserxaría. ● 2ª vez: retirada do dispositivo, entrega en Conserxaría. Falta en XADE e entrega aos responsables legais cando veñan recollelo. anotación no rexistro destinado a tal fin en Conserxaría. ● A partir da 3ª vez ou, se houber negativa á entrega do dispositivo, o alumnado terá unha sanción dun día de privación de asistencia ao centro. Anotación no rexistro destinado a tal fin en Conserxaría. | <ul style="list-style-type: none"> ● Retirada: Docente que, en primeiro lugar, teña coñecemento dos feitos. ● Dirección ou Xefatura de Estudos. |
|--|--|--|---|



| | | | |
|--|---|--|--|
| <p>7. A falta de asistencia inustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.</p> | <p>1. Faltas de puntualidade inustificadas:</p> | <p>1ª hora: Se o alumnado non xustifica debidamente, as faltas computarase da seguinte maneira:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cada cinco faltas de puntualidade inustificadas computan como 1 falta de asistencia e réxense polo protocolo de absentismo. <p>Horas intermedias: a Xefatura de Estudos aplica unha medida correctora (perda de recreo, accións para beneficio da comunidade...)</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Rexistro de faltas (puntualidade/asistencia) Docente da sesión lectiva • Titor/a: protocolo de absentismo • Xefatura de estudos: Medida correctora por faltas intermedias. |
| | <p>2. Faltas de asistencia inustificadas:</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Atenderase ao establecido no protocolo de absentismo (Instrucións do 31 de xaneiro de 2014 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa): inicio do protocolo antes de ter superado o 10% de faltas de asistencia. | <ul style="list-style-type: none"> • Titor/a: inicia protocolo de absentismo |
| <p>8. A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.</p> | <p>1. Falta de material necesario para o normal desenvolvemento das clases.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Se a falta de material é reiterada, o docente comunicará á familia e ao/a titor/a e, se isto non funciona, comunícase á Xefatura de Estudos para a imposición dunha medida correctora. | <ul style="list-style-type: none"> • Docente da materia. • Xefatura de Estudos. |



| | | | |
|--|--|---|---|
| <p>9. As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia do centro.</p> | <p>1. Comer ou beber na aula.</p> <p>2. Comer ou beber produtos non permitidos no centro: bebidas enerxéticas ou con cafeína, froitos con casca e, en xeral, calquera produto expresamente prohibido no seo do Consello Escolar.</p> | <ul style="list-style-type: none"> ● 1ª vez: amoestación verbal e petición de desculpas á clase e á/ao docente pola interrupción. ● 2ª vez: pasa a tratarse como “actos de indisciplina de carácter leve” pero a medida correctora contemplará tarefas de limpeza nun recreo. ● 1ª vez: amoestación verbal e anotación no rexistro destinado a tal fin en Conserxaría. ● 2ª vez: pasa a tratarse como “actos de indisciplina de carácter leve” (punto 10 das normas do centro). | <ul style="list-style-type: none"> ● Docente da materia. |
| | <p>2. Non entregar documentos oficiais do centro que fosen requiridos (partes de faltas de conduta, de faltas de asistencia, cualificacións...)</p> | <ul style="list-style-type: none"> ● Amoestación verbal. ● Se pasan máis de sete días: comunicación telefónica aos titores legais. | <ul style="list-style-type: none"> ● Docente que remite o documento. ● Comunicación telefónica por parte do propio docente ou da Xefatura de Estudos. |



TRATAMENTO DA REITERACIÓN DE FALTAS LEVES:

- Coas medidas recollidas no procedemento, búscase propiciar o proceso reflexivo do alumnado antes de chegar ao parte de falta e tamén a gradación das medidas correctoras. Cando nun/nunha alumno/a non se observe a debida reflexión e alcance tres expulsións, a Dirección adoptará as medidas recollidas no Decreto 8/2015 (Capítulo III, artigo 43, apartados g) e h), consistentes na suspensión de asistencia a unha determinada materia ou a todas entre un e tres días -Aula Inclusiva ou privación de asistencia ao centro-)
- A acumulación de tres expulsións, coa excepción doutros casos contemplados no procedemento, dá lugar a un parte coa correspondente medida correctora e mais a suspensión do dereito a participar en actividades complementarias e/ou extraescolares durante un período máximo de dúas semanas.
- De xeito preferente, co fin de evitar a desconexión do alumnado ao que se lle aplica a medida, este será atendido na Aula de Convivencia Inclusiva e o equipo docente deberá facilitarlle o material necesario para que desenvolva as actividades que se vaian traballar durante eses días na aula de referencia.



MODO DE COMUNICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS APLICADAS:

Entre o persoal docente:

- Todas as medidas correctoras que atinxan a faltas leves aplicadas polos docentes serán rexistradas no XADE (Alumnado → Xestión alumnado → Buscar (nome) → Faltas → Faltas de conduta) completando os epígrafes que alí se sinalen e procurando ser claros e concisos na descrición. Así mesmo serán anotadas no libro de rexistro disposto a tal efecto na sala de profesorado, para que teñan coñecemento das mesmas os/as titores/as e a Xefatura de Estudos e poidan valorar o carácter reiterativo do incumprimento de normas.
- Todas as medidas correctoras aplicadas por titores e titoras, Xefatura de Estudos e/ou dirección serán comunicadas ao equipo docente do alumnado implicado mediante correo electrónico corporativo.
- No caso das medidas correctoras que impliquen perda de asistencia a sesións lectivas é obrigado comunicarllelo aos responsables legais con dous días de antelación antes de iniciar a medida. No transcurso deses dous días, a Xefatura comunicarllelo tamén aos docentes implicados para que proporcionen as tarefas que deban realizar na Aula Inclusiva durante o tempo que falten ás súas materias e tamén ao profesorado con gardas de Atención á Aula Inclusiva, para que coñezan a necesidade de atender a ese alumnado.



Entre o profesorado e as familias:

- Da comunicación telefónica das faltas de conduta farase cargo aquel responsable sinalado no cadro de corrección de faltas, informando sempre ao/á titor/a e á Xefatura de Estudos (a través da propia ficha de reflexión no apartado correspondente, con indicación de data e hora da comunicación). Débese informar así mesmo da resposta obtida por parte dos representantes legais.
- Sempre que exista un parte, as faltas que o motivaron e a medida correctora imposta serán recollidas no documento oficial do *Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia, adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015* (Educonvives.gal modelos normalizados) -Doc nº2: Resolución- mediante o cal se notificará aos representantes legais, e posteriormente co Doc nº 1 –Dilixencia-, comunicarase o posible cómputo para a consideración da reiteración de faltas como conduta gravemente contraria á convivencia.
- Os partes, e a copia dos documentos de notificación aos representantes legais serán custodiados na Xefatura de Estudos, onde estarán a disposición dos/das titores/as, para a transmisión da información nas reunións de tutoría, en prevención de posibles falsificacións de sinaturas de recepción ou para tratar de acadar o apoio das familias na corrección de condutas inapropiadas.
- Para facilitar o seguimento diario por parte de Xefatura de Estudos das condutas contrarias, os docentes de garda anotarán no libro de rexistro da Sala de Profesorado o alumnado que cobre as fichas. A Xefatura de Estudos encargárase da súa supervisión tanto para a imposición directa de medidas correctoras como para o seu traslado a Dirección, nos casos das medidas g) e h). Tamén levará cómputo dos partes acumulados e das datas, por se houberse que tomar outras medidas por reincidencia.
- Independentemente das comunicacións sinaladas no procedemento corrector, as familias poderán ter coñecemento directo das faltas de conduta rexistradas en Xade a través da aplicación Abalarmóbil , do mesmo xeito que ocorre coas faltas de asistencia, sempre que se estime oportuna esta vía de comunicación.